

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ANTECEDENTES

O día 13/10/2022 aprobei mediante a Resolución da Alcaldía núm. 831/2022 as bases de selección para o persoal do equipo directivo, docente e administrativo de apoio e do alumnado traballador do Obradoiro dual de emprego "PAZO DE RIANXIÑO".

O día 19/10/2022 aprobei mediante a Resolución da Alcaldía núm. 843/2022 a modificación das bases de selección para o persoal do equipo directivo, docente e administrativo de apoio e do alumnado traballador do Obradoiro dual de emprego "PAZO DE RIANXIÑO".

FUNDAMENTACIÓN

O día 31/10/2022 o grupo de traballo asinou a acta coas puntuacións provisionais para o posto de director-a que non incluía persoas aspirantes que reunisen os requisitos mínimos de titulación establecidos nas bases de selección debido a un erro na tramitación da oferta.

O día 31/10/2022 aprobei, mediante a Resolución da Alcaldía núm. 876/2022, a contratación do equipo directivo, docente e administrativo de apoio para o Obradoiro dual de emprego "PAZO DE RIANXIÑO" quedando sen cubrir o posto de director-a para o que será preciso realizar un novo proceso de selección a través da realización dunha nova sondaxe na oficina de emprego.

De acordo co indicado, e no uso das atribucións dispostas no artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO

Modificar as bases de selección inicialmente aprobadas no punto "2. Requisitos mínimos" do Anexo I_ESPECIFICACIONES DE CADA POSTO para o posto de "Director-a" no sentido de reducir a experiencia mínima necesaria no posto:

Onde di:

"2. Requisitos mínimos:

Titulación: licenciatura en Administración e Dirección de Empresas, Grao en Administración e Dirección de Empresas, Grao en Ciencias Empresariais, Grao en Administración de Empresas, Grao en Dirección e Administración de Empresas.

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 452.655 exp. 2022/G003/000955

Experiencia mínima de 24 meses...”

Debe dicir:

“2. Requisitos mínimos:

Titulación: licenciatura en Administración e Dirección de Empresas, Grao en Administración e Dirección de Empresas, Grao en Ciencias Empresariais, Grao en Administración de Empresas, Grao en Dirección e Administración de Empresas.

Experiencia mínima de 12 meses...”

SEGUNDO

Comunicar esta modificación ao grupo de traballo e á Oficina de Emprego correspondente coa finalidade de realizar unha nova sondaxe para o posto de director-a cos requisitos indicados.

Asinado en Rianxo por medios electrónicos polo alcalde, Adolfo Muíños Sánchez, do que eu, Patricia Sánchez Castelo, como secretaria, e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (RD 128/2018, do 16 de marzo).